



**SERVIZOS**

[www.cigservizos.org](http://www.cigservizos.org)

# REGULAMENTO PARA AS SESIÓNS DO V CONGRESO NACIONAL DA CIG-SERVIZOS

(COMPOSTELA, 10 DE ABRIL DO 2010)

**V CONGRESO NACIONAL**

CIG-Servizos · Compostela, 10 de abril de 2010

**OBREIRA É A NOSA CLASE,  
GALEGA É A NOSA LINGUA**



**SERVIZOS**

[www.cigservizos.org](http://www.cigservizos.org)

**Non ao recorte dos dereitos laborais**



**SERVIZOS**

www.cigservizos.org

# REGULAMENTO PARA AS SESIÓNS DO V CONGRESO NACIONAL DA CIG-SERVIZOS (COMPOSTELA, 10 DE ABRIL DO 2010)

## ARTIGO 1º.-FINALIDADE

---

O presente regulamento ten como finalidade a de regular e ordenar o desenvolvemento das sesións do V Congreso Nacional da CIG-Servizos, a celebrar o día 10 de ABRIL do 2010, na cidade de Santiago de Compostela.

## ARTIGO 2º.-ORDE DO DIA

---

- Das 9:45 horas ás 10:30 horas Recepción de congresistas e entrega da documentación
- Das 10:30 horas ás 10:45 horas Inauguración oficial e presentación de convidados
- Das 10:45 horas ás 11:00 horas Debate e votación do Regulamento do Congreso
- Das 11:00 horas ás 12:30 horas Informe da Executiva Nacional. Informe de Finanzas, de Eleicións Sindicais e Negociación Colectiva. Debate e votación.
- Das 12:30 horas ás 12:45 horas Eleición da Mesa Presidencial do Congreso
- Das 12:45 horas ás 13:15 horas Debate e votación do Relatório de Estatutos
- Das 13:15 horas ás 14:00 horas Debate e votación do Relatório de Organización
- Das 14:00 horas ás 16:00 horas Xantar
- Das 16:00 horas ás 16:15 horas Vídeo da acción Sindical da CIG Servizos nos últimos 4 anos.
- Das 16:15 horas ás 17:00 horas Debate e votación do Relatório de Acción Sindical
- Das 17:00 horas ás 17:15 horas Anuncio das candidaturas apresentadas
- Das 17:15 horas ás 17:45 horas intervención dos e das candidatas
- Das 17:45 horas ás 18:30 horas Votación
- Das 18:30 horas ás 19:00 horas Reconto e proclamación dos e das candidatas eleitas
- Das 19:00 horas ás 19:20 horas Intervención das delegacións convidadas
- Das 19:20 horas ás 19:30 horas Resolucións Congresuais
- Das 19:30 horas ás 20:00 horas Acto de Clausura

## ARTIGO 3º.- SERVIZO DE ORGANIZACIÓN

---

Existirá un servizo de organización, composto de afiliados e afiliadas non congresistas, que atenderán os aspectos técnicos e organizativos necesarios (reconto de votacións a man alzada, información aos congresistas e delegacións convidadas, control de acceso aos plenos, e outros servizos derivados do Congreso). Este servizo artellará a Comisión de Organización, e unha vez que se inicie o Congreso, estrá baixo a responsabilidade da Mesa Presidencial.

## ARTIGO 4º.-MESA PRESIDENCIAL

---

O Congreso estará presidido por unha Mesa Presidencial integrada por un total de 7 membros. Esta Mesa Presidencial será elixida por 2/3 dos e das congresistas presentes, a proposta da Executiva Nacional. No caso de que a devandita proposta non acadase os 2/3, a Executiva fará novas propostas até un máximo de 3 veces. De seguir sen acadarse a maioría necesaria, nas seguintes votacións será necesario o apoio da metade máis un dos e das congresistas presentes.



**SERVICIOS**

www.cigservicios.org

1 A Mesa Presidencial designará de entre os seus membros unha persoa para exercer de Presidente/a, e dúas para facer  
2 de secretarios/as da Mesa Presidencial. As votacións no seo da Mesa Presidencial resolveranse por maioría. Esta Mesa  
3 Presidencial exercerá como dirección da CIG Servizos até a elección da nova Executiva Nacional.

#### 4 **ARTIGO 5º.- MESA DE RELADORES/AS**

---

5 O informe da Executiva Nacional será presentado e defendido polo Secretário Nacional da CIG Servizos. Os  
6 relatórios de Estatutos, Organización e Eleicións Sindicais serán defendidos polos seus respectivos relatores. No caso de  
7 existir algún relatório alternativo, tras unha exposición por parte dos ou das relatoras tanto do relatório oficial como do  
8 alternativo, serán sometidos a unha votación global do pleno do Congreso, quedando como relatório base a debate  
9 aquel que acade maior número de votos.

#### 10 **ARTIGO 6º.-SESIÓNS PLENÁRIAS**

---

11 O Congreso desenvólvese totalmente en sesións plenarias e públicas. Porén, de se establecer algún debate que a Mesa  
12 Presidencial considere polo seu carácter que debe ser estritamente interno, esta poderá declarar pechada algunha  
13 sesión, parcial ou totalmente.

#### 14 **ARTIGO 7º.- CONVIDADOS E MEDIOS DE COMUNICACIÓN**

---

15 As delegacións convidadas, as persoas convidadas a título individual e os medios de comunicación, poderán asistir a  
16 todas as sesións do Congreso coas limitacións do artigo anterior, dependendo a súa atención da Mesa Presidencial. Esta  
17 poderá realizar as roldas informativas que considere oportuno.

#### 18 **ARTIGO 8º.-VOTACIÓNS**

---

19 As votacións no pleno realizaranse a man alzada, erguendo as tarxetas de identificación os congresistas. Está  
20 exceptuada desta norma a elección de órganos e cargos, que se fará mediante papeletas secretas e individuais.

#### 21 **ARTIGO 9º.- ENMENDAS**

---

22 Cada enmenda será defendida no pleno polos portavoces eleitos para este fin nas asembleas comarcais de debate dos  
23 textos, e que conte co respaldo necesario. O tempo para a defensa das enmendas será determinado pola Mesa, sendo  
24 igual para todas elas, e no caso de que haxa varios enmendantes para a mesma enmenda o tempo repartirase entre  
25 eles. Excepcionalmente a Mesa poderá ampliar o tempo de exposición naquelas enmendas que se consideren de grande  
26 relevancia.

27 Os membros da Mesa que teñan enmendas, para a súa defensa deberán abandonala para intervir desde o Pleno. As  
28 cuestións de orde non poderán motivar intervencións orais, senón que o/a congresista deberá pasarllas por escrito á  
29 Mesa, a cal resolverá de conformidade co sinalado no artigo 4.

#### 30 **ARTIGO 10º.- MECÁNICA DE DEBATE NO PLENO.**

---

31 A Mesa establecerá o tempo máximo dispoñíbel por relatores e portavoces, en cada caso, segundo os horarios  
32 prefixados para cada punto da orde do día.O informe da Executiva Federal, unha vez presentado, será sometido a  
33 debate en rexime aberto, distribuindo a Mesa o tempo dispoñíbel entre todos e todas as congresistas que queiran



**SERVICIOS**

www.cigservicios.org

1 intervir. Unha vez rematada por parte do Secretário Nacional a súa quenda de respostas ás devanditas intervencións, o  
2 informe será sometido a votación no pleno, tendo que contar para a súa aprobación co respaldo da maioría simple.

3 No tocante á dinámica de debate dos relatórios, farase unha exposición inicial por parte dos relatores indicando as  
4 enmendadas recibidas e as conclusións tiradas sobre estas. Seguidamente, pasarase á súa discusión, apartado por  
5 apartado, indicando por parte dos relatores aquelas enmendadas que foron admitidas, as propostas de transaccionais, se  
6 houber, e as que foran rexeitadas. Con respecto ás enmendadas admitidas polos relatores daranse por aceptadas, a non  
7 ser que calquer congresista queira manter o texto orixinal, neste caso someterase a votación no pleno.

8 Respecto das transaccionais, unha vez escoitada a opinión do enmendante, se a mesma fose aceptada por este e  
9 ninguén mantívese o texto orixinal, dariase por aprobada. Se a devandita transaccional fose rexeitada polo enmendante  
10 e alguén mantívese o texto orixinal, deberá someterse á votación no pleno. Se a transaccional fose aceptada polo  
11 enmendante e alguén mantívese o texto orixinal, votarase a transaccional e o texto orixinal. Respecto das enmendadas  
12 rexeitadas, intervirán en primeiro lugar os portavoces das enmendadas para facer unha defensa destas, e despois daranlle  
13 resposta os relatores. Os relatórios definitivos, unha vez debatidas e votadas todas as enmendadas, someteranse a unha  
14 votación global no pleno, precisándose para a súa aprobación do voto favorábel da metade máis un dos e das  
15 congresistas presentes.

#### 16 **ARTIGO 11º.-RESOLUCIÓNES ESPECIAIS**

---

17 Deberán presentarse por escrito diante da Mesa Presidencial do Congreso, podendo facelo calquera congresista  
18 sempre que conte co aval de 20 congresistas presentes. O prazo de presentación remata ás 18:00 horas do día do  
19 Congreso. A Mesa decidirá se a cuestión está xustificada e, neste caso, someteraa a votación no Pleno, e sendo  
20 aprobada co apoio da maioría simple dos e das congresistas.

#### 21 **ARTIGO 12º.- ELECCIÓN DE ÓRGAOS E CARGOS**

---

22 A elección de órganos e cargos realizarase segundo as normas estatutarias que resulten aprobadas polo V Congreso da  
23 CIG Servicios. A candidatura ou candidaturas para a elección de cargos deberanse presentar en listas pechadas que  
24 conteñan como mínimo o número de postos a cubrir. A propia Mesa actuará de Mesa Eleitoral. A Mesa fará o escrutinio  
25 publicamente e proclamará os resultados globais diante do Pleno. Cada candidatura poderá designar un interventor en  
26 cada unha das mesas. A Mesa Presidencial habilitará todos os medios necesarios para unha correcta votación, debendo  
27 acreditarse os congresistas cun documento oficial.

#### 28 **ARTIGO 13º.- ACTAS, DEPÓSITO E PUBLICIDADE**

---

29 As actas do Congreso serán elaboradas e aprobadas pola Mesa Presidencial. Depositáranse na oficina pública  
30 correspondente, as actas parciais nas que figuren a composición de órganos eleitos e as modificacións estatutarias  
31 aprobadas. Os relatórios e resolucións aprobadas no V Congreso da CIG Servicios serán editadas para coñecemento de  
32 toda a afiliación.